

**Cereixas no solsticio**  
**Antes**



## 1

Es Inverno. Inverno. Nena de pel branquísima e fazulas coloreadas polo sol alto do verán. Es Inverno, cativa de xílgaros nas mans e notas musicais na cuberta do peito. Ti es Inverno, Inverno, aínda que no teu corpo nunca callou unha mísera folerpa. Si. Es Inverno, a muller náufraga que fuxiu dunha batalla para recalar noutra guerra moito peor. Nesoutra guerra en que os homes non se feren con balas de chumbo, só se asasinan con silencios e ameazas, desatados da terra da que foron capitáns. Lémbrao, es Inverno, aférrate a iso con unllas e dentes. Esgaza a carne e retorce o pelo pero non perdas iso. Apaña os recordos dende estoutra beira da vida que agora te mira. Apaña, Inverno, os restrollos que che arrastra a maré. Sé unha crebeira, Inverno, apaña refugallo a refugallo as esmolos que che concede esta loita contra o tempo. Es a cativa que cruzou o mundo para te defenderes das lembranzas, para fuxires do insoportable retrouso da metralla de lume e louros. Para te arredar do sabor azucre e veneno das cereixas. E mírate agora, Inverno, só deveces

por lembrar. Por seguir existindo nas palabras que che vai perdoando esta intensa vida.

Comeza polas lembranzas primeiras. Serache máis doado. Vai amodiño, gorenta palabra a palabra, cada imaxe, cada son. Vai devagar, fai que perduto ese instante en que todo volve. Vai tirando do fío e deixa que o nobelo vaia esmigallándose entre os teus dedos. Agarra cada centímetro de memoria e baila outra volta por riba dela. Coma se foses unha buxaina nun torreiro. Farás que todo volva, se é que algunha vez marchou. Se é que algunha vez existiu. Ti, Inverno, eras nena de moitas palabras. Sabías poñerlle nome a todo, sabías posuír o mundo. Pero o tempo irachas roubando. Esquecerás os significados e tamén os significantes. Esquecerás saber que nome recibe o tempo, os abrazos, os sentimentos, as ausencias. Borrará cada son para que as lagoas sexan menos fondas. Esquecerás o teu propio corpo. Mais hoxe precisas volver a aquel espazo. Precisas volver a Antes, o lugar onde medraba o salitre e o azafrán. As cereixas e o sal. Alí, Antes, xusto ao norte de todos os latexos. Onde o vento dá a volta e forma rodopíos na memoria.

Agora, Inverno, só agarda lembrar. É o último facho que queda aceso para continuar vivindo. Volver a Antes.